



MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL FERROL EN COMÚN POLA GRAVE SITUACIÓN INDUSTRIAL NA COMARCA

O Grupo Municipal Ferrol en Común, ao abeiro do disposto nos artigos 104 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, presenta no Pleno da Corporación Municipal a moción pola grave situación industrial na comarca.

Exposición de motivos

A situación industrial da nosa comarca non admite máis políticas de xestos e fotomatón. Os peches de Gamesa e Endesa, xunto coa deriva de desertización do sector naval público, sen carga de traballo a curto prazo, o desmantelamento das empresas auxiliares e o declive xerado polo peche de Alcoa e a mesma central térmica no Porto exterior teñen como consecuencia directa unha única circunstancia: a pobreza.

O que está en xogo son miles de postos de traballo e o futuro mesmo da cidade. Son xa moitos anos encadeando crise tras crise sen unha resposta política á altura das circunstancias. E a crise é tratada como un obxecto aparecido de forma casual, e non causal. Se hai crise é que hai una conduta política, por acción ou por omisión, que non está á altura das circunstancias. Quizais se houbo unha política de plans públicos diferentes ao ZEP ou Reindus, as circunstancias serían ben distintas. Quizais se houbo

unha determinación de penalizar e perseguir penalmente as empresas subvencionadas que deslocalizan as súas fábricas, non estaríamos nas actuais circunstancias. Ou se se constrúise o BAM solicitado pola Armada, ou se o plan eólico galego non fose obxecto de chapuzas, remendos e chanchullos que culminaron nun proceso de peche inasumible. E así podería continuarse, coa depredación das caixas públicas, o recorte de servizos públicos, o desleixo nesta cidade para a construción de infraestruturas...

Ante este cúmulo de circunstancias, pobreza. E a resposta política local, as présas pola foto, por comunicar certa indignación impostada e ao seguinte día, a vida segue igual, igual para os artífices dun constructo case rutinario, pero non para os que non van volver traballar, cando menos na nosa terra.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal de Ferrol en Común somete a votación esta MOCIÓN para ser aprobada polo pleno de Concello de Ferrol, na que solicita a adopción dos seguintes acordos:

1.- Demandar do Goberno do Estado a construción inmediata en Navantia dun **BAM nos estaleiros da Ría de Ferrol.**

2.- **Apoiar como Corporación a folga** convocada para o día 25 de febreiro do presente ano.

3.- Demandar o cumprimento do acordo asinado polo Alcalde de forma inmediata co resto de grupos municipais: traballo cooperativo e multidisciplinar para xerar emprego e frear a sangría demográfica, coa **creación dunha mesa técnico-política**, e a participación de axentes sociais e institucionais, que pule pola formación no sector naval e a

diversificación industrial, con especial atención ao sector primario e o cooperativismo, así como o apoio ao emprendemento.

Ferrol, 25 de xaneiro de 2021

Jorge Suárez Fernández

Voceiro do GM Ferrol en Común